

03 AGOSTO DO 2006 - NÚMERO 629

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



Xosé María Álvarez Cáccamo

Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) pertence a unha estirpe de artistas intimamente ligados á consolidación do panorama cultural galego, entre os que figura o seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez, editor clave do galeguismo no silencio da posguerra. Activista, militante do nacionalismo e autor dunha extensa obra poética que marcou a renovación da lírica galega na xeración dos oitenta, Cáccamo adentrouse nas latitudes da narración, do ensaio, do teatro e da

Xosé María Álvarez Cáccamo Ninguén de ningures

literatura infantil, pero tamén da poesía obxectual. Cando acaba de publicar as súas ‘Memorias de poeta’, unha das novidades editoriais máis celebradas dos últimos anos en Galicia, Cáccamo regresa ao relato breve con ‘Ninguén de ningures’, que hoxe aparece en Revista das Letras dentro dos monográficos de verán, un texto no que o autor de ‘Memorial de Brancura’ consegue trasfegar a forza verbal da súa poesía para conseguir unha prosa callada de poderosa evocación a través da voz dun afogado.



Os mortos nunca temos fame. Beber, iso si, por non perder o costume, por acompañarte, para que non vaian dicir. Pero non me sabe a nada este pedral, e mira que gostaba del cando estaba vivo. Aquel sabor afiado que se che quedaba prendido no nariz. Agora é pura auga, como beber dunha nube. Debín perder o padal na treboada, a tarde da miña defunción, non sei se polo susto de morte ou por causa da morte mesma. Bebo para acompañarte. E por ver se aínda consigo sentir no cabo da lingua un algo daquela gloria do pedral, o mellor viño do mundo, que tanto lle teño gabado a Narciso. Que non me veñan a min con borgoñas, Narciso, dicíalle.

A todo o mundo lle consta que son un defunto, o finado de Hipólito. Eu non o disimulo. Hai quen tenta agachar a súa condición de cadáver. Hoxe, aquí mesmo, na de Narciso, non baixan de tres ou catro. Pero non é cuestión de andar a sinalalos co dedo. Coñéceselles a circunstancia e quen saiba ver que vexa e comprobe: a fala rara e vagacenta, a pel acendida nun baño incoloro, os ollos secos a esculcar para adentro. Coma min, xa te decatarias, que cando quero mirarte mentres falo perdo a dirección do ollar e pñoome a espreitar para o meu interior, buscándome o segredo da vida, digo da morte, o futuro do alén. E todos son, coma no meu caso, desaparecidos no mar, corpos que non voltaron de arribada e seguen ao pairo ou fondeados aló embaixo. Que non toparon acougo no sartego nin foron despedidos en funeral de corpo presente. Emigrantes que nunca mandan noticia. Séntese ben nas roupas, que non pesan, non levas a casaca enriba dos ombreiros nin o pantalón roza os xionllos. Calces o que calces, zapatos, alpargatas, pantuflas, sandalias ou botas, é como se camiñases descalzo. Porque corre unha brisa moi fina entre os tecidos e a pel, entre o coiro do calzado e as dedas. A vestimenta aboia separada uns milímetros da tona do home. Andar vestido é cousa de seres vivos. A nós a morte empréstanos estas roupas melancólicas e aéreas, que non obedecen lei de gravidade e non se mollan nunca. Un exemplo: se eu marcho agora, tal como chove, e atraveso para mercar tabaco na de Virxinia, véñoche de volta co pano da americana enxoiro coma este mantel.

Esta roupaxe falsa, inhumana, no canto da camisa a cadros azuis e vermellos, as botas de auga e o vaqueiro vello que levaba posto a tarde da galerna, no mes de agosto, o vinteoito. Era tarde de calma chicha. O mar máis liso que un espello, quedo coma mármore. Pero fungaba de baixo, laiábase nun salouco mesto, avisando. E o peixe asentía sen picar. Eu, ao pairo, na planadora, porque alí, no meu mar, non hai fondeo posíbel. A áncora, o morto, descansaba a bordo. Quen ía pensar daquela que pouco despois serían dous os mortos embarcados. Si, no meu mar,

que nin mesmo ti lle coñeces os lindes. Foi un segredo que levei á tumba, por chamarlle dalgún xeito a ese ningures onde non acougan os meus restos mortais, distantes e distintos do corpo que te fala. Non, eu non son resto mortal nin alma en pena nin Hipólito resucitado. Aquí onde me ves eu son ninguén, Ninguén de Ningures.

A parte de mar que eu traballaba queda en liña co faro de Cabo de Home, fóra xa da sombra das illas Cíes. E non che vou dar máis pistas, por se aínda me dá por voltar ao choio calquera día destes, aínda que sexa vestido de defunto. Aquel sitio é unha mina. E non digo máis. Pero ese día o peixe só asentía, aseñaba, a xogar con un. Digo eu que sería outro aviso, coma o bochorno de xustiza que derretía os miolos, aquela fogaxe do ceo tenso, un globo azul a piques de estourar. E de súpeto, o fumazo a entrar do noroeste, asubiando coma unha cobra. Un monstro de néboa a encher o horizonte, a esbarar por riba da codia das augas, todo avante contra min. Nin tempo tiven de tentar a retirada cara á praia de Melide, ou á de Rodas da Illa Norte, que para o caso era mellor ancoradoiro. A brétema envolveume no momento en que a man se preparaba para tirar da corda do motor, o Mercury de 65 cabalos, un foguete. Prudencia, Hipólito, mellor non moverse, dixeron nun murmurio. Non vaíamos meter a zoca. Co boiro todo arredor, quedo e caladiño. Non hai norte nin sul. Non hai mundo. Xa sabes como te apreixa a cerrazón e te desorienta. Peor que a cegueira. Estás envurullado nun novelo, preso nun tubo de gas, sen dereita nin esquerda, sen arriba nin abaixo. Calquera saída pode ser rumbo de naufraxio, bater contra os farallóns, embarrancar, esnafrarte nos cons, perderte mar adentro. Así que me deixei tal como estaba, ao pairo, confiado en que as correntes non me levasen contra a costa de So a Vela.

A voz falou moi claro: Hai que ir indo, Hipólito, hai que ir indo. Ao principio pensei que era Leandro, que, antes da invasión da brétema, andaba a levantar unhas nasas non moi lonxe de min, perto da Punta do Cabalo de Fóra. Pero axiña me decatei de que as palabras agromaban do fondo, mouras, doentes. Nacían daquel laído das covas do mar calmoso de agosto. Hai que ir indo, Hipólito, hai que ir indo. Como manda un pai severo e responsábel, entre consello garimoso e orde de lei. Sen présa pero sen volta de folla: hai que ir indo. E logo xa, un pouco máis serio: Hipólito, hai que ir marchando. Aquí tamén eu me puxen serio e sentín que me tremía o pulso. Amigo, colleume o medo. A voz repetíase en eco: indo-marchando, indo-marchando. E nunha destas medrou de repente para facerse ouvir entre os tronos que comezaran a estoupar. E xa non se escoitou máis son que o balbordo da treboada.

Os alustros, un detrás doutro a espicharse no mar, nos curutos das illas, no cimo do Facho, queimaron a néboa, disolvérona en lume. Acouguei. Comprobei a miña posición: a proa enfiaba a boca norte da ría en liña co Cabo Estai e toda a paisaxe do arredor estaba enteira e limpa. O mar moi bravo e o ceo negro de noite. Escurecera de sócato e cando quixen tentar outravolta a fuxida caeume enriba o

dioivo universal, un cairo coma un monumento de pedra. Sei que te asombras da miña fala. É o idioma dos que moramos na bisbarra de ningures. Non fala Hipólito. Quen te conta agora a aventura da súa morte chámase Ninguén. Non se pode dicir doutro xeito: un cairo coma un monumento de pedra, milleiros de croios, pelouros de auga xeadas a caír do alto. Outra forma de manifestarse contra min o dono da voz aquela: hai que ir indo, Hipólito, vaite dispoñendo.

Mandaba en min unha mistura de paciencia e canguelo. Non arrepió da tormenta, que teño sufrido moitas, senón daqueles recados, as espadas eléctricas dos alustros que segaban o ar a babor e a estribor, a rente mesmo da planadora, como coitelas de guillotina, e fervía a espuma coma se estivesen marcando o mar con ferros candentes, o mar do Cabalo de Fóra, besta marcada co sinal da furia. E o inferno dos tronos a estourar berrando, a derrubarse, sinalándome a min: ¡Hipólito! ¡Hipólito! Cabalo de pedra morta. Cabalo de dentro. De dentro de min mesmo, que foi onde me metín. Acubilleime debaixo da lona que usaba para cubrir a embarcación no inverno, deitado no chan da lancha, cinguíndome cos brazos o peito e as costas, engruñado coma un feto, de regreso ao interior da nai, a nai planadora que me protexía do espanto. A nai verdadeira veu tamén acompañarme na despedida, a vella Encarnación desconsolada que che pregunta por min todos os días, se viches ao desnortado do seu fillo Hipólito, a qué anda dun lado para outro con esas roupas de defunto, con eses ollos insensatos e delirantes, con esas falas do inferno que non se comprenden. Subía a bordo para acariñarme no tránsito, non teñas medo meu fillo, e coas mesmas esvaecía devorada pola boca do trebón. Regresaba outravolta nun flash de relampo, conforme as chispas acendían o esqueleto do barco e o meu propio esqueleto e xa se adivinaba a escultura dos meus restos mortais.


Choveu e choveu, choveu a cachón, parecía o mar do revés a desprenderse do ceo. As pingas pronunciaban co seu batifondo contra a lona o meu nome e o meu destino: Hipólito, prepárate. Hipólito, hai que recoller. Hipólito, xa son horas. Así como a treboada engulira a néboa dun bocado, a chuva enfriou o lume da tormenta, non o do meu tormento, que continuaba en agonía. Cando escampou houbo un intre de silencio total. Sentín o tamaño do silencio. Comprendín de vez o significado da inexistencia. Pero axiña recommenzou a ladaíña dos sinos do Alén: hai que ir marchando. Era unha procesión de pasos de danza enriba da lona, a nova pel que non me atrevía a mudar. Dedos de telegrafista a escribir sobre a coiraza protectora unha mensaxe en morse: veña xa, que largamos amarras. Eu, paralizado, sen saberme vivo nin morto, e aínda é hoxe o día en que descoñezo o momento xusto do meu pasamento, se foi logo do primeiro aviso a traspasar a muralla da néboa, se me chegou despois, na coitelada dun alustro directamente ao corazón, ou cunha daquelas chamadas a cotenar na miña cabeza, como a petar nunha porta: abre, Hipólito, que veño na túa procura. Alguén petaba cos cotenos, teimosamente, na parte da lona que me cubría a testa. E logo continuaba camiño aquela man de Deus, imperiosa e serena, man de pai que sinala e manda, a percorrer con dedos moi finos o vulto completo do meu corpo debaixo da lona. Despois, outravolta no cráneo, cada vez máis forte, agora cun bico que semellaba punta de ferro.

Non. Non podo precisar a duración do suplicio. Só sei que estaba engoumado

de frío e de pánico, enchoupado nas augas de chuvia que asulagaran o fondo do barco, encollido e aturando a tortura do desfile de pasos ou dedos e o calvario da puga a peteirear enriba de min, non sei se con intención de furarme a cortiza dos miolos ou a ordenar apertura de comportas: abre, Hipólito, que son Eu quen chama. Até que parou de repente o baile e se interrompeu a percusión de cotenadas. Entón, con moita prudencia, coma o congro que sae do tobo asexando a unha e outra banda, con cautelosas olladas de esguello, abandonei o meu casulo disposto a entregarme á sorpresa da luz exterior e á Presenza que me convocaba. Retirei pouco a pouco a lona, asomei a cabeza de caracol e funme erguendo até ficar de pé, trememente e con ollos cegos que ían, devagar, recoñecendo arredor o mundo de meu: Illa de Monteagudo, Punta Subrido, Area de Figueiras... e no horizonte de abaixo Monte Ferro, as Estelas, a enseada de Baiona. O mar, coma na hora da vida de antes da agonía, máis quedo que un espello. Moi quieta tamén, unha gaivota pousada en proa cravaba as súas meniñas en min. Ao comprender que fora ela a executora da danza da morte sobre chan de lona azul, a telegrafista do Alén, a canteira do tellado de Hipólito Cabalo de Pedra, din en rir e brincar, dando choutos, de proa a popa, de popa a proa, en carreiriñas descontroladas. ¡Era ela! ¡Unha gaivota! Bébedo de ledicia, louco. Non daba parado. Parvo de min, Hipólito mineral engruñado debaixo do peteiro dunha miserábel gaivota. Que me miraba en fite e non se asustaba dos meus risos, da miña bebedeira de resucitado, das miñas ameazas: ¡Lisca, lisca, gaivota de merda!. Que non levantaba o voo e continuaba a fitarme, gobernándome, estragando a celebración da miña inocencia, a traer de volta o pavor das voces da néboa, dos avisos do trebón: largamos amarras.

Hipólito, largamos amarras. Foi a última orde. O son naceu transparente, indiscutíbel, do peteiro da gaivota. Non sei máis. Logo -non che podo dicir sen foron horas ou días- sentínme a camiñar por unha rúa longa dunha vila descoñecida da beiramar, sentado nun norai de peirao vello, a esculcar a distancia do océano en procura vai ti saber de qué fume de barco remoto, ou entrando aquí, na de Narciso, coma hoxe, vestido con estas roupas melancólicas e áreas, a ver de recuperar o sabor do pedral e a lería dos amigos coma ti, que non sei se me entendes, Venancio, que sei que non me cres.

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum.



10 AGOSTO DO 2006 - NÚMERO 630

rdl

**REVISTA
DAS
LETRAS**



OLGA NOVO



Olga Novo (Vilarmao, 1975) abriu na xeración dos noventa unha físgoa de carnallidade telúrica que recuperaba para os lectores galegos a máis portentosa palabra do noso limbo lírico: a terra e o erOtismo. A partir de aí, Olga Novo desenvolveu unha traxectoria onde a palabra rotunda, emocionalmente forte e eroticamente provocadora. 'A cousa vermella'

2004) é a súa última entrega e a culminación dun proceso de radicalización lírica que a converteu nunha das escritoras máis admiradas dos últimos anos en Galicia. Agora, neste monográfico de verán de Revista das Letras, Olga Novo ofrece catro dos seus últimos poemas, tres monocromos e un apuntamento final no que apoia as súas maldicións máis perversas.

Monocromo verde

En ausencia de respiración absorviamos aire con fariña
neve pura
as papas dos pobres de nós
(cando había azucre non había café):
restos das cartillas de racionamento metidos entre as moas do xuízo
final

o liño da fame
tan branco
rodeaba coma un anel de Saturno as paredes do estómago
a cinta dos sombreiros de palla

e afeitos a morrer día tras día
contemplabamos barro tirabeques estrondos demoledores dentro
ollos coma maletas nas que o mundo se daba por vencido

unha intuición de bágoas escondidas nas enrugas bimilenarias das anciás
aturdidas e negras coma os seus vestidos de loito da idade do ferro.

En ausencia de amor
un refaixo comido da polilla e do sol posto a secar na lareira
contiña os últimos escritos de Simone de Beauvoir
e o aborto que matou no profundo da palleira á Benigna de Remigio

os seus beizos amoratados que nunca vin flótanme no pensamento
afúngaseme o corazón
querida toda
nunca correspondida
pasto da eternidade que non hai
en ausencia de amor.

En ausencia de Historia
escribiamos en cadernos de pizarra que se borraban con cuspe
e voan formando círculos no observatorio de Greenwich
pois en ningún mapa aparece este nome venenoso
Vilarmao Vilarmao a rentes de ningún santo patrón
na puta diócese da nada
sólo hai un patio redondo
a elipse espiritual por onde saen os porcos do cortello e un tractor
Lu-Ve 34576 para delimitar o espazo.

En ausencia de Saber
a casa da mestra xace coma un cadavre exposto á chuvia
coas vigas tentando aínda soste a táboa do tres un problema de aritmética que nunca resolvemos
pero hai días en que unha liña recta trazada nun encerado antigo
resplandece na súa estrutura ósea
e todo o noso pequeno mundo groñe pobriño il
coma se rezara un rosario digno da existencia de Deus.

En ausencia de palabra
abondounos o berro denunciador que é a noite do moucho
en ausencia de pan
en ausencia de leite
en ausencia de trigo
contra o día cabrón que se erguía máis cedo ca ninguén.

En ausencia de futuro
rechinaron as rodas dos carros ou serían acaso metáforas deterioradas
aves de mal agoiro que ostentan o poder.
O resto dos animais
golsan sobor dos prados os cañotos de millo cos que se criaron
en sinal de dó
si porque en ausencia de futuro
só hai ausencia
e tal vez isto que digo:

En ausencia de ti
de tanto morder as herbas para conter o espasmo
digo o teu nome ata que a lingua se me seque
e fico toda igual a ti antes e despois do tempo
facendo a fotosíntese do amor
na vangarda da nada

onde só se pode vivir pintada coma un monocromo verde.

Monocromo azul

Co primeiro poema que escribin
vin
a miña virxinidade pendurada dun campanario
e coma se unha espléndida cartomancia anunciase
todo o que ía vir
senteime a verme medrar órgano por órgano.

Na horta do Queitano estouraba xa o protón da primavera
un páxaro carpinteiro abandonaba o niño.

Ó raiar o día deitáronme e fixen esquina cos radios dunha
bicicleta branca
e a xente que estaba de mata deixaba escapar as tripas dunha
marrá
polo rego abaixo de Lamelas coma se ó infinito lle sobrase un
cacho:
todo facía pensar que nunca sería pura
como así foi.

Polo primeiro estadio do pensamento
pasou o cichón de leite falando en corenta linguas ó mesmo
tempo
e unha mancha de graxa de chourizo extendíase enriba dunha
conta
de multiplicar
coma se fose o ceo
porque todo facía pensar que nunca sería pura.

No segundo estadio do pensamento
o meu tío Ramón comía uvas con pan no límite da dolor
e a nena que eu era entón
sen entender apenas
agateñaba polo trazado da bala que lle atravesara a man
lembro moi ben
o seu corpo idéntico a unha exhalación

ás veces viámoslle temblar a mente coma unha chama perdida
en plena noite no medio do campo de combate
e ós setenta anos
enfermo
chamaba pola nai
ata que a tensión lle descendía ó calcaño
e unha suor fría atravesaba o colchón como quen atravesa o río
do esquecemento
o fume do pavor saíalle dos poros coma un vapor maldito
e unha antiga culler de alpaca

daba voltas ó redor de nós
ata encontrarlle a boca
a ranura da queixa
a fonte da lamentación

a nena de sete anos que eu era entón
sabía e non sabía
curaba coma un emplasto de inocencia infantil
cruzaba o espazo doméstico cargada de medicinas
recitaba en alto nomes impronunciáveis destinados a lle salvar
a vida
carretaba cuncas de sopas cunha fé cega na auga fervida

pero unha pequena tos un fío de frío
eran abondos.
e aquela nena que eu era amarraba unha mau contra a outra
coma unha vela ó pau maior dun barco borracho
nunha pregaria vá

repetida sen senso
botábame a chorar enriba dunha Biblia ou da bosta dun
boi

negra de raiba

a pequena brutal
afeita ó sobresalto
dominada polo temor
polos grilletes da obediencia
pero tamén
era a ansia do aire a total inminencia dunha A rodeada
dun círculo
a pequena furiosa de zapatillas vermellas
a insolente que cuspe e se desfai de si mesma
a adolescente que mexa na sacristía
a muller adúltera
que morde os testículos dos misterios morais
os pés cos que alcanza bosques sol ribeiras e sabanas
debruzada no ventanal esperando a entrada triunfal da
vida

a pequena brutal
a poeta
a visión prostituta que se entrega por nada

camiñaba da man meditando no vértigo

e pois todo facía pensar que nunca sería pura
para evitar o exilio e a mordedura cruel do desterro na
infancia
escribiu sobre o son repugnante das misas
o nome prohibido dun neno e os seus ollos azuis
infectados polo pudor

era un anxo caído homosexual e bárbaro
que durmía comigo nas noites insomnes

Monocromo branco

(Fragmento IX)

Un día
tentaches trancarlle a porta á neboa do val
como se pecha a porta a unha raíz salvaxe.

Non has tardar en saber
que anque te negues pode cunha inspiración sucionarche o fígado
que lle é tan fácil
meterse en ti trasladar unha lei cósmica ao final do teu duodeno
e sentarse a ver cómo te defendes
de ti.

Cómo renegas do teu propio tremor de veas
cómo lle dás a espalda a tódalas túas vértebras
cómo te cruzas contigo e non te miras ós ollos
absortos nunha idea carnívora de quinina e noite.

Non has tardar non
en saber
que por máis que sentencies os teus abrazos á pura mendicidade
élle tan doado
repetir de memoria o teu peño alegre saltando polo tempo
pode en calquera instante
devolver a túa man ó seu xesto de primeira escritura
e se quere
poráte diante do teu corpo que atravesa o espazo de punta a punta
pra que vexas un esqueleto domado pola paixón
e nisto
fíxate ben
será implacable.

Se un día te empeñas
en lle pechar a porta
has de saber
que pode
impunemente
deixarte a expensas do teu propio sangue
facer que soa a túa imaxe
te esperte de madrugada
pra amosarche o pánico de que non estás.

E se iso che sucede
a néboa
acabará entrando polas fiestras levantarache o teito
comerache o lume derreterá o recordo
e todo canto fuches
será unha mancha branca abandonada á súa propia sorte.

A idea da beleza
F...O...D...E...R

Fóra.
Fóra tribo.
...Se bailaras comigo
habías de comer o saber
cru
a impalabra do meu carácter montañés
bárbaro
e voitral
habías de beber os ouriños benditos por belce
bú
come

come
tu.

A foránea levo nunha lingua anticrista unha flor unha flor unha flor
tan aberta
que pensa
...se bailaras comigo
ata me partir o espiñazo e facer dúas de min
meu ben
se me viras ben
ven
e baila comigo.

Vivín coa boca seca coma o deserto de Dakar
ata tocar
a punta infinitesimal dos teus mexos
marqués
marqués da nada
só señor da miña cona noite inmensa papila gustativa do mundo
con a furadísima
botón da terra
antilei da gravitación universal.

O centro da terra non atrae as miñas verbas
eu douchas de comer na túa ansia coprófila
esta excrementación silábica esta apalabración
que me inflama os intestinos
cheos de amor
e merda.

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum.



17 AGOSTO DO 2006 - NÚMERO 631

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



Aduaneiros sem fronteiras

Aduaneiros sem Fronteiras defínense como persoas que, a través do seu weblog, investiga “nos santos mistérios da sociedade, política e cultura galegas, desde um ponto de vista humorístico e maioritariamente gráfico”. O activismo do grupo, formado actualmente por Aduaneira, Berto e Pánchez, cobrou especial trascendencia pola súa campaña contra o lume, nuns días nos que a Galicia costeira quedou arrasada polas lapas. Pánchez é, precisamente, o responsable de todos os cartaces distribuídos a través da rede, en especial a través da páxina ardegaliza.info, aínda que as obras desta temporada non son os seus primeiros traballos sobre o tema: a partir da creación de Aduaneiros sem Fronteiras no 2003, Pánchez ofreceu distintas entregas para combater as vagas incendiarias. Licenciado en Filosofía, carreira que compaxinou cos estudos de Artes e Oficios, Pánchez estivo traballando en Escocia e Italia até que desde “o exilio” –como el o denomina– decidiu regresar a Galicia para centrarse nos Aduaneiros e desenvolver un singular proxecto de venda de

Aduaneiros sem Fronteiras Contra o lume

camisetas por internet. Remiso a dar calquera sinal de identidade –“non quero converterme na cara de movemento ningún, aínda que me gusta ser recoñecido como autor despois de pasar, ao mellor, dez horas diante dun cartaz”–, os seus traballos tratan de ser un acirre á intelixencia dos espectadores, cunha estética que lembra –conscientemente– o cartelismo socialista europeo dos anos trinta do pasado século. Revista das Letras recolle neste monográfico a práctica totalidade do traballo recente de Pánchez e unha escolma das súas propostas anteriores que permiten, ao mesmo tempo, achegarse á proposta xeral dos Aduaneiros sem Fronteiras. “O humor”, asegura o deseñador gráfico, “é un grande aliado nunha loita. Moitas veces, tes que dicir unha cousa e se a dis con humor, ten máis posibilidades de éxito. É unha arma da que resulta máis difícil defenderse, moito máis que a ira. Se o usas como estratexia, precisas ter enfronte un contricante con moito sentido do humor e, a verdade, é moi difícil atopar rivais dignos: Sempre gañas”.






Arriba, cartel de homenaxe a Camilo Díaz Baliño realizado por Pánchez para convocar o voluntariado de axuda a combater o lume. Abaixo, "Piratas da Galiza" de Pánchez e Aduaneiro. Na páxina anterior, autorretrato de Pánchez



As catro imaxes grandes foron realizadas por Pánchez para Aduaneiros sem Fronteiras na campaña actual da loita contra os incendios. A imaxe pequena corresponde á campaña desenvolvida o pasado ano.



Arriba, “Ancares Winter Patrol”, realizada por Pánchez no ano 2005. No centro, “Letras Galegas II” de Obra Social (17/05/2006) e “A ferramenta” de Pánchez, realizada no 2004. Abaixo, á esquerda, “Tsunami eleitoral” de Pánchez (23/06/2005) e, á dereita, “Non emigres sen ela”, obra colectiva datada no 14/04/2004)






fecundo



PIENSO DEJAR ESTE MUNDO
SIN PONERME UNO

Manuel Fraga (2005)



Arriba, "La Coru" de
ojopinta.org e Pánchez
datada o 27/04/2005.
Abaixo, esquerda, "Todos
condom Manuel" de
Pánchez (25/01/2005). Á
dereita, "Ele nunca o faría",
de Pánchez de Pánchez e
Berto (27/04/2004)


Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Foto de portada: “O lume é o primeiro invasor”, de Aduaneiros sem Fronteiras



24 A G O S T O D O 2 0 0 6 - N Ú M E R O 6 3 2

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS




María do Cebreiro

O nome de María do Cebreiro (Santiago, 1976) abrollou na poesía galega de finais do século XX como unha augación de intelixencia que rompeu cos moldes da xeración dos noventa, á que ela pertencería pola orde cronolóxica e á que, porén, non se engasta por unha sinxela carga de inquietudes e textualidades. Autora de dous libros que marcaron unha inflexión na forma e nas intencións de tecer o verso –‘O estadio do espello’ (1998) e ‘Nós, as inadaptadas’ (2002)–, María do Cebreiro desenvolveu desde entón unha prolífica traxectoria, con títulos como ‘Non queres que o poema te coñeza’ (2004), onde leva ás

María do Cebreiro

Humidade moral

últimas consecuencias a súa tese sobre a Literatura e a vida. Conceptual na intensidade dos seus textos, transparente na súa liñaxe verbal e recreadora –ao estilo da escrita posmoderna– na fusión de fontes e identidades, a súa obra vai camiño de converterse nunha referencia da nova poesía galega. A ‘Humidade moral’ que hoxe presentamos nos monográficos de ‘Revista das Letras’ é un conxunto de textos inéditos que lle devolven ao lector boa parte da inmediatez que caracterizou os seus primeiros libros. Son, sen dúbida, pegadas dunha poeta que chega aos trinta anos pletórica de emoción, de imaxinación e de luz.



Lovesong

E para que o poema
poida escapar da páxina:
hai que termar do alento,
cavilar moi a modo
en Spinoza,
escribir noutra lingua
as palabras de amor
(por exemplo, dicir
exactamente iso:
hold your breath
very slowly
and think of Spinoza),
citar sen ir ás fontes,
tentar averiguar
quen foi Jack Johnson,
recitar en francés de Montréal,
dicir un verso longo
e non saber moi ben
qué significa
converter este
espazo
nunca caixa de son
arrimar a cabeza á caixa
do teu tórax,
despois pechar os ollos,
escoitar.

Mapa do medo

“Lembro os muros de vidro”,
contestou. E a man da súa nai
cando lle dixo “corre”
sen soltalo. Onde hai cruce,
hai perigo. Tantos coches
en México D. F.
Logo chegou o porto,
os submarinos nazis,
o lugar onde pouco queda en pé.
O viño arde e conforta.
É cedo e faise noite.
Ti non ves que no fondo
non hai nada? Queiman
contenedores nas rúas de París.
Unha revolución
no branco dos meus ollos.
Mentres, o mestre fala
do algodón e das máquinas.
Arqueoloxía industrial.
Pero cómo seguir
chamándolles ruínas
despois da última folga
(contigo, Lois Pereiro: “Fumes
de Baracaldo Rentería Sestao”).
As miñas barricadas,
os teus dedos.
Ti, tan guapo e tan baixo,
na estatura que fai
o amor doado. E por iso
tiveches que aprender
a escapar. Entrás, colles e marchas.
Ese é o movemento
da conquista. Somos
complementarios,
entendiches?
Nadaremos no Báltico,
entre a prata. Pensarei
no teu xeito de moverte.
Sen loción de afeitado.
Sen camisa.
Coa túa roupa de neno
cruzando aquela rúa.

No pain, no glory

Acepta ti o meu sangue que é pouco pero nega
e unicamente sabe andar ás sabas,
e torce coma os ríos, e non vai pola beira,
e non é silencioso.

Por se apagan a música,
e a noite nos sorprende
sen froita que roer.

(De fondo, unha da Velvet Underground.)

Itxita (fechado)

Aquel era o lugar
onde un home lle dixo
“son covarde”,
mentres ela pensaba
“agora non”.
Son as palabras
máxicas:
abren e fechan cousas.
Como o amor.
Era unha porta antiga.
Non se pode pasar.
Dividían os mortos
entre pobres e ricos.
Como agora.
Ela tiña un vestido
que despois quedou
vello. Úsao para durmir.
Unha tira de seda
e debuxiños rubios
polas mangas abaixo,
lonxe do corazón.
O narrador dicía:
xa se lles pasará.

Alto o fogo (Gudari)

Non era un cemiterio.
Tiña portas.
A primeira levaba
directamente ao espello.
Na segunda, o pestillo
non nos deixou saír.
Case non houbo sangue.
Non quedaron sinais.
El quixo resolver
todas as miñas dúbidas.
Como se din as nubes?
Como se din as tempas?
A súa descrición
avanzou sen descanso,
en orde descendente.
Era visto. De súpeto,
a voz da profesora.
Levei o dedo aos labios.
El pechábame os ollos.
Había unha intensidade
pouco común
no seu xeito de mirar.
O daquelas persoas
que ven algo
e cren que o viron todo.
Non o puido aturar.
No fondo, era un guerreiro.
Sempre ameí os feridos.
“Ti primeiro”. Tan lento.
“Non me mires así”.
Despois dixeron que non,
que non quería.
Hoxe, no teu país,
un grupo armado
asinou unha carta.
Era de amor, xa sabes:
a cousa dos finais
(adeus, adeus, din sempre
os que se necesitan).
A razón sempre foi
o meu único límite.
Son malinterpretada.
Como se dirá paz.

Coñeza Galicia en Castromil

Ás veces, dende a estrada
adivñamos rostros
nas enrugadas penas
e no interior das augas
o espírito do río.
É debido ao cansazo,
non á imaxinación.
Do mesmo xeito, un día,
vén o medo de estarmos,
con tanta e tanta escrita,
reclamando de balde
unha atención
que verdadeiramente
non nos corresponde.

Ángela Davis

1.

Imaxínoa agardando polo metro
en calquera estación,
ao sur do último sitio
transitábel. Imaxínoa
pensando en Jean Seberg.
Un aceno rabudo
que non ceda á chantaxe
da vida acomodada.
O abandono da lóxica
como proba concluínte
de que algo marcha mal
en todas partes.
Era unha alumna incómoda.
Metía en compromisos
a Marcusse.
“A mente máis inquenda
da súa xeración”.
Tiña un radar nos ollos,
afeita como estaba
a ver a vida
revelarse en vermello
en cada cuarto escuro
de Alabama.

2.

O campus era iso: un teito de auga.
Por incríbel que poida parecer,
un pouco máis arriba, cousas sólidas.
Máis abaixo, o sentido de pertenza.
Pois para que as mulleres puideran estudar
fixeron falta moitos teitos de auga.
Pero cómpre insistir en que non se avanzou:
os poemas son líquidos e non teñen cuberta.
Porque sen descampados non hai campus
(Lisboa, 2006, Faculdade de Letras:
“Eu aborto, tu abortas, ela aborta”,
“O feminismo está a pasar por aquí”,
ou “Deixa-te de fitas, queima os dogmas”).
Contraria ao idealismo no papel,
declaro o meu aprezo polos anos setenta,
un tempo no que unha cousa así como ser negra
lles importaba a moitos. É doado pensar
na présa dos tacóns, no chan composto:
niso que Baudelaire chamara, máis ou menos,
macadam, en nota que lle debo ao Manuel
Outeiriño (beizón por existir). Percusión:
pensamento. Eu sei que Angela Davis
tiña un par de zapatos amarelos
e que a súa chamada apenas distinguía
desexo de igualdade e desexo de corpo.
Poucas cousas se poden comparar
á febre da que veñen os poemas,
que é a febre dos laios: a do
amor. Revolución sexual:
aínda pendente.

3.

A tese doutoral encadernada en pel,
pero sen luxos.
Tema: a Revolución
Francesa (é dicir:
a de hoxe).
Economía de medios
e un ton sobrio
para un traballo agudo,
biográfico.
Nas notas, o trasfondo
paixonal: black's beaty, jungle fever,
black power and so on.

(Sabe recoñecer un prexuízo
a máis de mil quilómetros
e armarse contra el.)

Despois de agradecerlles
aos teus ollos
chegaren a este verso,
a pregunta sería, aproximadamente:
que ten para dicirche a ti
Angela Davis?

Dous poemas de Olga Novo

Monocromo azul

Co primeiro poema que escribin
vin
a miña virxinidade pendurada dun campanario
e coma se unha espléndida cartomancia anunciase
todo o que ía vir
senteime a verme medrar órgano por órgano.

Na horta do Queitano estouraba xa o protón da primavera
un páxaro carpinteiro abandonaba o niño.

Ó raiar o día deitáronme e fixen esquina cos radios dunha
bicicleta branca
e a xente que estaba de mata deixaba escapar as tripas
dunha marrá
polo rego abaixo de Lamelas coma se ó infinito lle sobrase
un cacho:
todo facía pensar que nunca sería pura
como así foi.

Polo primeiro estadio do pensamento
pasou o cichón de leite falando en corenta linguas ó
mesmo tempo
e unha mancha de graxa de chourizo extendíase enriba
dunha conta
de multiplicar
coma se fose o ceo
porque todo facía pensar que nunca sería pura.

No segundo estadio do pensamento
o meu tío Ramón comía uvas con pan no límite da dolor
e a nena que eu era entón
sen entender apenas
agateñaba polo trazado da bala que lle atravesara a man
lembro moi ben
o seu corpo idéntico a unha exhalación

ás veces viámoslle temblar a mente coma unha chama
perdida
en plena noite no medio do campo de combate
e ós setenta anos
enfermo
chamaba pola nai
ata que a tensión lle descendía ó calcaño
e unha suor fría atravesaba o colchón como quen atravesa
o río do esquecemento
o fume do pavor saíalle dos poros coma un vapor maldito
e unha antiga culler de alpaca
daba voltas ó redor de nós
ata encontrarlle a boca
a ranura da queixa
a fonte da lamentación

a nena de sete anos que eu era entón
sabía e non sabía
curaba coma un emplasto de inocencia infantil
cruzaba o espazo doméstico cargada de medicinas
recitaba en alto nomes impronunciabes destinados a lle
salvar a vida
carretaba cuncas de sopas cunha fé cega na auga fervida

pero unha pequena tos un fío de frío
eran abondos.

e aquela nena que eu era amarraba unha mau contra a
outra
coma unha vela ó pau maior dun barco borracho
nunha pregaría vá
repetida sen senso
botábame a chorar enriba dunha Biblia ou da bosta dun boi

negra de raiba

a pequena brutal
afeita ó sobresalto
dominada polo temor
polos grilletes da obediencia
pero tamén
era a ansia do aire a total inminencia dunha A rodeada dun
círculo
a pequena furiosa de zapatillas vermellas
a insolente que cuspe e se desfai de si mesma
a adolescente que mexa na sacristía
a muller adúltera
que morde os testículos dos misterios morais
os pés cos que alcanza bosques sol ribeiras e sabanas
debruzada no ventanal esperando a entrada triunfal da
vida

a pequena brutal
a poeta
a visión prostituta que se entrega por nada

camiñaba da man meditando no vértigo

e pois todo facía pensar que nunca sería pura
para evitar o exilio e a mordedura cruel do desterro na
infancia
escribiu sobre o son repugnante das misas
o nome prohibido dun neno e os seus ollos azuis
infectados polo pudor

era un anxo caído homosexual e bárbaro
que durmía comigo nas noites insomnes

xa eramos entón
ós sete anos
a rabiosa consecución dun ser incivilizado

a impureza profunda
o monocrono criminal
o azul
de rimbaud da primeira bacteria.

Así foi.
Polas bocas do mundo terribles
pasei coa potencia solar dunha droga que cura

pois todo facía pensar que nunca sería pura.
Como así foi.

A idea da beleza

F O D E R

Fóra.
 Fóra tribo.
 ...Se bailaras comigho
 habías de comer o saber
 cru
 a impalabra do meu carácter montañés
 bárbaro
 e voitral
 habías de beber os ouriños benditos por belce
 bú
 come

 come
 tu.

A foránea levo nunha lingua anticrista unha flor
 unha flor unha flor
 tan aberta
 que pensa
 ...se bailaras comigho
 ata me partir o espiñazo e facer dúas de min
 meu ben
 se me viras ben
 ven
 e baila comigho.

Vivín coa boca seca coma o deserto de Dakar
 ata tocar
 a punta infinitesimal dos teus mexos
 marqués
 marqués da nada
 só señor da miña cona noite inmensa papila
 gustativa do mundo
 cona furadísima
 botón da terra
 antilei da gravitación universal.

O centro da terra non atrae as miñas verbas
 eu douchas de comer na túa ansia coprófila
 esta excrementación silábica esta apalabración
 que me inflama os intestinos
 cheos de amor
 e merda.

A idea da beleza
 cruzando o ceo cara ó sur
 na migración das aves
 describe a curva depravada
 o grao máis alto
 de poesía pura
 caendo coma suor polos teus poros
 abertos que son
 buratos negros
 e unha cousa preciosa da astrofísica.

A idea da beleza migra no teu cuspe
 esa substancia que rompe a barreira do son
 sobre min
 podemos
 Foder ata romper a paus o espírito de Deus
 podemos

Foder ata sentir o cu da noite
 onde ninguén viu as patas dunha garza
 anunciar a luz do día
 Foder
 ata arrasar as cordilleiras da miseria
 podemos
 Foder
 ata caer
 sentir o crac do cromosoma do poder
 podemos
 Foder ata tocar a nosa inmensa soedade co teu
 prepucio só
 Foder
 nos
 vos
 ata o final
 ata ver a morte curvándose na postura derradeira
 do pracer
 Foder
 ata
 Foder
 e xa non ser
 máis
 cá sombra dunha dimensión fodendo a catro
 patas
 no borde do universo
 ti e máis eu
 Fodendo de xeonllos
 na noite estrelada da mente de Platón
 pensando
 quizais
 na idea da beleza.

Aquel era o lugar
 onde un home lle dixo
 “son covarde”,
 mentres ela pensaba
 “agora non”.
 Son as palabras
 máxicas:
 abren e fechan cousas.
 Como o amor.
 Era unha porta antiga.
 Non se pode pasar.
 Dividían os mortos
 entre pobres e ricos.
 Como agora.
 Ela tiña un vestido
 que despois quedou
 vello. Úsao para durmir.
 Unha tira de seda
 e debuxiños rubios
 polas mangas abaixo,
 lonxe do corazón.
 O narrador dicía:

 xa se lles pasará.

.....
 Por un erro na maquetación do monográfico de Olga Novo,
 estes dous poemas da autora que hoxe reproducimos saíron
 incompletos. Agora, aparecen na súa forma íntegra.

31 AGOSTO DO 2006 - NÚMERO 633

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



Félix Fernández

Félix Fernández (Lugo, 1977) desenvolve un traballo marcado pola dualidade: o sufrimento e o pracer. Esta mestura, común á súa obra audiovisual, performática ou ás súas instalacións, non o engasta porén á habitual estética sadomasoquista senón que o arrastra a elaborar, con meticulosidade, unha insólita radiografía da dor. Nunha liña que o engasta de xeito significativo á concepción escenográfica da fotografía en Cindy Sherman, Félix Fernández explora o desenvolvemento do eu a través de continuos autorretratos, aínda que a súa proposta –herdeira directa da posmodernidade e o cultivo “neoclón”– abandona o diálogo da fragmentación para ofrecer unha paisaxe marcada pola simultaneidade

Félix Fernández

Radiografía

da dor

e o monólogo. Coa violencia como desencadeante da tensión creadora e o sexo como unha fluencia mecánica, Félix Fernández constrúe un dos discursos plásticos máis perturbadores dos que hoxe existen en Galicia. Este monográfico de Revista das Letras, que inclúe unha autopóetica do artista, permite descubrir as raíces da súa traxectoria pero, sobre todo, coñecer en primicia o material de ‘Festa branca’, eixo central da exposición ‘Caixas negras’ que a partir do 14 de setembro exhibirá no Museo Provincial de Lugo. Nela, segundo subliña Félix Fernández, “enfróntome á deriva do mundo occidental-capitalista cunha posta en escena de carácter festivo: un momento de éxtase caótico e sen sentido no que o individuo perde toda referencia”.



Púxenme a bailar e asimileino todo. Agora os pensamentos xa non reverberan na miña cabeza. Saciei o meu corpo con movementos sincopados, e proporcioneille á miña mente un fluir hacia algo abstracto, non racional. Sentir a música no meu corpo, sentir que se despreza no espacio e que trascende o material. Agora descanso.

¿Por qué fai sólo un intre encontrábame cheo de rabia e odio hacia este mundo? ¿Por qué levo dúas semanas enganchado ós telexornais, pendente de cada movemento bélico ou político do planeta, de cada desastre ecolóxico producido polo home, de cada migración masiva, en definitiva, de cada síntoma do desmoronamiento do sistema no que vivimos?

Vivir aparte, moitas veces penso si esa é a solución, pero non. Sempre estou dentro, moitas veces en contra, fascinado pola figura do rebelde, que, desde o meu punto de vista, é o que abre paso a novos dereitos do individuo, facendo herdeiros dos seus logros ó resto da sociedade que acomodados miran a vida pasar. Eu ás veces tamén paso o rato, sentado no sofá vendo o televisor, e acórdome dun grafiti que dicía “apaga a TV, vive a vida”. Faríame unha camiseta con esa frase.

Miro o reloxo e non teño a sensación de estar perdendo o tempo, porque vexo que teño a capacidade de emocionarme todavía intacta, porque sinto as cousas pequenas, porque cada vez poido tomarme menos en serio e rirme de min mesmo. Xa non me miro tanto ó espello. Creo que iso é bo. Foron moitos anos analizando o reflexo, no que pensaba que encontraría a resposta. Vinme dende todos os ángulos posibles e agora xa non necesito verme guapo. Cambiou o punto de vista; a mirada non a dirixo desde fóra, agora os ollos están dentro. Sinto as cousas sin necesidade de velas.

Soa o timbre, é Luis que está na porta; imos a unha festa nunha nave ocupada. Antes de saír poñemos un disco de Ellen Allien and the Apparat para poñernos a tono. Estou en boa compañía e fáigollo saber a Luis, encántame adulalo e decirlle o fantástico que é para rirme de





rcl | 5
Galicia Hoxe 31/08/06





Arriba, 'Serea'. Abaixo, 'Colchonmorte'. Na páxina anterior, arriba "Ying-yang". Abaixo, "Piñata". Na páxina 3, "Autorretrato".

él, que tamén se mofa de min.
Tirámonos á rúa. Alá vamos, ía ver mundo!, a reunirnos con xente coa que temos cousas en común, para poder compartir o noso tempo con outras mentes e corpos cercanos, e sentir que non son a única ovella negra, que somos un bon rebaño, moi disperso, pero grande.

Bailando de novo vólvome a fundir no espacio e o meu corpo é, neste intre, parte dunha masa en movemento. Algunhas imaxes véñense á cabeza, recordo a escena final da película de Ridley Scott “Blade Runner”, cando o replicante Roy, a punto de morrer, chora desconsoladamente pola súa existencia devaluada por unha data de caducidade carente de sentido, cando veu cousas que outros non verán na súa vida. Sinto un escalofrío e un sentimento épico apodérase de min. Inspiro.

Félix Fernández





rdL | 7
Galicia Hoxe 31/08/06



Arriba, 'Auriculares'.
Abaixo, á esquerda,
"Bola". Á dereita, a ins-
talación "Camas-bises-
tas". Na páxina ante-
rior, arriba "Autorretra-
to como roupa sucia".
Abaixo, "Mirando pola
fiestra"

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Foto de portada: “4 esquinitas” de Félix Fernández

